

MANIFESTO MUNDIAL DOS PARLAMENTARIOS PARA A TAXA TOBIN

Chamamento mundial dos parlamentarios respecto á Taxa Tobin. A especulación nos mercados financeiros alcanza hoxe en día un nivel sen precedentes na Historia. O abandono en 1971 do sistema internacional de cambio, nacido dos acordos de BRENTON WOODS, provocou un aumento considerable dos intercambios sobre moedas, que pasaron en 30 anos de 70.000 millóns a máis de 1.500.000 millóns de dólares ó día. A maior parte destes fluxos non corresponde a ningún intercambio real de mercancías, senón á busca de beneficios financeiros inmediatos, frecuentemente considerables.

Esta evolución é particularmente nefasta para a humanidade enteira xa que implica unha grande inestabilidade do sistema financeiro e conduce a unha sucesión de graves e contaxiosas crises económicas. Ditas crises, como as que afectaron a México en 1994, a Asia do Sueste en 1997, a Rusia en 1998 e a Brasil en 1999, arruinan en poucos días moitos anos de traballo productivo. As nacións deben mercar a confianza dos investidores, concedendo ganancias cada vez máis elevadas ós detedores de capitais, a costa das persoas que viven do seu traballo, a costa dos cidadáns e a costa do medio ambiente.

En consecuencia, a liberdade de circulación de capitais desestabiliza a democracia. Por esta razón é de suma importancia fixar mecanismos reguladores. Un deles é a Taxa Tobin, nome do premio Nobel americano de economía James Tobin, quen xa en 1978 propuxo establecer unha taxa módica a tódalas transaccións nos mercados de cambio para desalentar a especulación e, de paso, procurar ingresos á comunidade internacional. Con só un 0.05% a taxa procuraría máis de 100.000 millóns de dólares ó ano que poderían ser empregados para estabilizar a moeda, para desenvolver a economía, para financiar a axuda humanitaria, para paliar outras crises nacionais e internacionais.

Numerosas organizacións non gobernamentais a través do mundo, en relación cos sindicatos e as asociacións de finalidade social ou relativas ó medio ambiente, actúan xuntas cos seus gobernos e participan na posta en marcha do tipo Tobin.

Os parlamentarios débense a esas organizacións, pero tamén á emerxencia dunha opinión pública forte. Necesítanse novos niveis de cooperación para domar a especulación monetaria e empregar os ingresos nas necesidades locais e globais de urxencia.

Nós, parlamentarios e lexisladores elixidos, pedimos ós nosos parlamentos e gobernos respectivos, que adopten a Taxa Tobin para que cada goberno avance na súa posta en marcha a nivel nacional e internacional e explore outras opcións para reformar o sistema financeiro.

Si, quero asinar o Manifesto Mundial dos Parlamentarios para o Imposto Tobin.

Apelidos:

Nome:

Mandato:

Nación: